

MARTÍNEZ GIRÓN, J. e ARUFE VARELA, A. (2011)
Derecho crítico del trabajo/Critical Labor Law.
A Coruña, Netbiblo, 247 pp.

José López Coira

Profesor colaborador de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

A implantación do Plan Boloña obrigou os docentes universitarios a se adaptaren, entre outros elementos, a unha nova metodoloxía baseada a partir de agora, principalmente, en casos prácticos, seminarios e titorías; a unha diferente distribución das clases, as denominadas positivas e interactivas, e á transformación de materias anuais en cuatrimestrais, todo iso de cara a ensinaren o alumnado a aprender, para non reducir a docencia a unha simple transmisión de coñecementos.

A materia de Dereito do Traballo no grao de Dereito converteuse en cuatrimestral na UDC, de maneira que aqueles inacabables –e, ás veces, inabordables– volumes da nosa época non nos permiten afrontar como antes os novos retos e esixencias. O manual deixou de ser o único instrumento, xunto cos apuntamentos, do alumnado, e converteuse nun máis –moi importante, iso si– dos que este dispón, sempre baixo a orientación dos profesores, para acceder ao coñecemento e ás competencias da materia e da titulación.

O libro que se presenta nestas páxinas atende sobradamente as novas necesidades de profesorado e alumnado, mais tamén as de calquera persoa interesada en coñecer, sen morrer no empeño, as interioridades do noso ordenamento laboral. É tan doada a súa lectura que nos atrapa cal se dunha boa novela se tratase, porque no ánimo de quen le se mantén permanentemente viva a lapa da curiosidade, alentada decontino coa douta opinión crítica que ofrecen os autores en cada un dos temas.

O manual está estruturado en vinte e unha leccións que compendian, de forma admirable, todo o noso dereito do traballo, desde as fontes e principios até os aspectos procesuais, pasando polas institucións tanto do dereito individual como do colectivo do traballo. Cada unha desas leccións mantén tres niveis distintos de coñecemento, diferenciados polo tamaño da letra, que permiten ao alumnado, ou simplemente a quen as ler, elixir o grao de afondamento na materia, mais sen perder en ningún momento a visión global ou esencial desta que, finalmente, quedará como pouso na súa memoria e formará a súa cultura xurídica.

Internamente os temas están divididos en parágrafos, de xeito que, no 1 se expón a regulación existente actualmente sobre a materia que se trata; no 2 fórmulanse diferentes problemas derivados da aplicación desa normativa, cunha acertada crítica desta; e no 3 susténtase a reflexión efectuada no parágrafo precedente coa pescuda nas solucións que ofrece o dereito comparado. É precisamente o contido destes dous últimos parágrafos o que explica o nome da obra (*Dereito crítico do traballo*).

Outra novidade deste libro que comentamos é que os chamados «coñecementos primordiais» –aqueles que figuran en letra grande– aparecen redactados tamén en inglés, de maneira que se introduce neste manual a lingua franca das principais universidades do mundo global en que vivimos. Así, por unha parte, facilítaselles o estudo do noso dereito do traballo ás persoas foráneas que visitan as universidades españolas; e, pola outra, posibilitase aos nosos alumnos o estudo do dereito no idioma que se fala nas principais universidades europeas e norteamericanas, de cara a que poidan completar nelas, se for o seu desexo, en pé de igualdade cos seus nacionais, a súa formación xurídica.

Se tradicionalmente viñemos valorando os coñecementos dos autores dos manuais de acordo súa capacidade para encher páxinas e páxinas, cos profesores doutores Jesús Martínez Girón e Alberto Arufe Varela cómpre facermos xusto o contrario: a exposición sintética dos temas que trata o libro só é posible se os que o escriben teñen profundos e completos coñecementos sobre a materia, tanto de dereito nacional como comparado, e a mente que os acolle posúe unha sólida formación intelectual e xurídica. Apenas así pode afrontarse con éxito un proxecto como o que hoxe comentamos.

É abundantemente coñecida a extensa e meritoria obra dos dous profesores coautores desta obra. O seu especial coñecemento do dereito alemán do traballo e doutros dereitos nacionais europeos –que ten un magnífico expoñente nas súas *Leyes laborales alemanas. Estudio comparado y traducción castellana* (A Coruña, Netbiblo, 2007)– permítelles ofrecernos neste manual, xunto a cada unha das críticas que fan da nosa vixente lexislación laboral, outras tantas «solucións posibilistas», de tal forma que esa crítica non é puramente negativa, senón plenamente universitaria.